

**REQUISITOS E CONDICIIONS PARA A OBTENCION DAS CARTILLAS
NAUTICAS E O DIPLOMA TRASLATIO XACOBEO ESTABLECIDAS POLO
CLUBE NAUTICO DE SAN VICENTE DO MAR, NO TRAXECTO DA RUTA
XACOBEO DO MAR DE AROUSA E ULLA**

¿QUE É A RUTA XACOBEO DO MAR DE AROUSA E ULLA?

É a Ruta que conmemora o último tramo da travesía marítimo-fluvial da Barca Apostólica acontecida no século I da nosa era, dende a cidade de Jaffa, ao Sur da actual Tel Aviv Estado de Israel, surcando as augas do Mediterráneo e Atlántico para adentrarse nas costas da Ría de Arousa e da Península do Grove –naquel tempo coñecido como San Vicente dos Groves-, pasando fronte ao Castriño (Adro Vello) en San Vicente. Prosiguía a súa singladura pola Ría de Arousa ata introducirse polo cauce dos ríos Ulla e Sar, arribando ao puerto iriense de Murgadán, onde se amarró ao “Pedrón”, un ara romana que actualmente se conserva na Igrexa Parroquial de Santiago de Padrón, traendo no seu viaxe o corpo decapitado do Apóstolo Santiago acompañado polos seus dos discípulos Teodoro e Atanasio, iconografía que se representa tanto na moeda aparecida na necrópolis de Adro Vello como no Selo Municipal do Concello de Padrón.

Trátase dunha iniciativa nacida no ano 1963 logo da súa presentación por quen foi o seu fundador como ruta turística e cultural, ante a Asamblea Provincial de Turismo celebrada na Illa da Toxa e que logo continuou difundindo e promocionando a denominada Fundación Ruta Xacobeo do Mar de Arousa e Ulla, entidade recoñecida de promoción do Camino de Santiago e declarada de interese cultural e galego pola Xunta de Galicia no ano 1999. É a única entidade que oficialmente conmemora a Traslación do Apóstolo Santiago dende o porto de Jaffa (actual Tel Aviv) ata Iria Flavia (actual vila de Padrón) pola oficialmente recoñecida como Ruta Xacobeo do Mar de Arousa e Ulla (Lei 3/1996, de 10 de mayo de protección dos Camiños de Santiago da Xunta de Galicia). Polo súa banda, o Club Náutico San Vicente do Mar, recollendo a notoriedade histórica de San Vicente por albergar o Concello de O Grove a necrópolis de Adro Vello, lugar de paso obrigado para rememorar a singladura íntegra do corpo do Apóstolo Santiago pola ría de Arousa, únese á referida iniciativa por ser o primeiro porto localizado antes da necrópolis que sitúase na bocana da Ría de Arousa, añadiendo a participación da navegación privada mediante a expedición da presente cartilla náutica como medio de obter o documento institucional “TRASLATIO XACOBEO” expedido polo Concello de Padrón e a Fundación Ruta Xacobeo Mar de Arousa e Ulla.

¿CAL É O TRAXECTO?

O punto referente de partida situarase no Porto Deportivo de Pedras Negras en San Vicente do Mar ou no de Riveira, por ser os portos de entrada na bocana da Ria de Arousa e especialmente o porto de San

Vicente por albergar o seu concello de O Grove a necrópole de Adro Vello e, polo tanto, de paso obrigado para rememorala singradura integra do corpo do Apóstolo Santiago pola Ría de Arousa. Como punto de chegada establececese o porto fluvial do río Ulla en Padrón, no lugar onde reza: *"Hic fuit corptus Beati Jacobi"* *Aquí chegou o corpo do Apóstolo Santiago.*

Poderase iniciar a singladura de peregrinaxe en portos anteriores xeográficamente, incluso internaciónais.

¿QUÉ REQUISITOS EXIXENSE?

- Nos portos de saída e nos Concellos integrantes da Fundación, se facilitará a "Cartilla de Navegación" que expide o Club Náutico de San Vicente. Nos portos de saída de Pedras negras ou de Riveira, obrigatoriamente colocárase o primeiro selo, trala oportuna acreditación dos tripulantes e da embarcación.

- O navegante deberá obter a lo menos dous selos máis dalgún dous portos dos Concellos que se ubiquen nas márxes da ría ou do río Ulla e nos que terán que permanecer un mínimo de unha hora. Obrigadamente cada selo corresponderá como mínimo a un porto ou concello da beira Norte da ría o do río Ulla (provincia de Coruña) e outro a un porto ou concello da beira Sur da ría o do río Ulla (provincia de Pontevedra). Non se establece límite temporal de realización da ruta. Pódese obter selo nos concellos interiores pertencentes á Fundación Ruta Xacobeas mar de Arousa e Ulla (www.fundacionxacobeas.com).

- Tódolos portos e Concellos certificarán o paso do navegante por cada porto concreto. A tal efecto, ofrecerán un roteiro da vila e atenderán coa preferencia que sexa posible a tódolos navegantes que facendo a ruta arriben a tal porto.

- Os navegantes tendrán a súa disposición loxística e información precisa sobre lugares de interese cultural que visitar.

- A Ruta completárase en Padrón. Nesta vila será obrigatorio obter o selo do Concello e o da Fundación Ruta Xacobeas do Mar de Arousa e Ulla, culminando os navegantes o seu periplo cun pequeno traxecto a pe visitando os lugares xacobeos da Vila Padronesa: A fonte do Carme, o Santiaguíño do Monte, a antiga sede episcopal de Iria Flavia, o Pedrón situado debaixo do altar maior da Eirexa Parroquial ao que se amarróu a barca apostólica.

¿A QUIEN SE HARÁ ENTREGA DE LA TRASLATIO XACOBEO?

- O recoñecemento de realización do camino xacobeo marítimo fluvial farase mediante a entrega da Traslatio Xacobeas aos tripulantes e á embarcación, si se cumpren os requisitos de selado indicados.

- Asemade tódolos aqueles outros peregrinos que o dexesen poderán culminar a Ruta de Traslación ate a cidade de Santiago de Compostela onde poden obter un nuevo selo.

¿ONDE SE ENTREGARÁN AS CARTILLAS NAUTICAS E A TRASLATIO XACOBEOA?

As cartillas náuticas en calquera dos Concellos integrantes da Fundación ruta Xacobeo do mar de Arousa e Ulla

O Diploma Traslatio Xacobeo unha vez selada a cartilla náutica:

- Na oficiña de Turismo do Concello de Padrón.

- No albergue municipal de peregrinos.

Para calquera información sobre lugares de selado e Concellos polos que discurre a ruta, contactar noss seguintes enderezos de correo electrónico e páxinas web:

www.cnsvicente.com
www.fundacionxacobeo.com
clubnauticosanvicente@traslatio.org
ribeira@traslatio.org
ogrove@traslatio.org
compostela@traslatio.org
sanxenxo@traslatio.org
meano@traslatio.org
meis@traslatio.org
ribadumia@traslatio.org
cambados@traslatio.org
cambados@traslatio.org
vilanova@traslatio.org
vilagarcia@traslatio.org
valga@traslatio.org
catoira@traslatio.org
pontecesures@traslatio.org
padron@traslatio.org
brion@traslatio.org
rois@traslatio.org
dodro@traslatio.org
rianxo@traslatio.org
boiro@traslatio.org
apobra@traslatio.org

Se non recibira resposta de algún destes mail, pode visitor as páxinas web dos concellos onde lle facilitarán información.

ADVERTENCIA: A navegación marítima e fluvial debe axustarse en todo momento ao réximen de autorizacións e aseguramentos que en cada intre establece a normativa vixente. Advírtese que existen

tramos únicamente navegables en mareas vivas e con calados limitados polo que o patrón deberá adaptarse ás peculiaridades da navegación e de desprazamento de bancos arenosos e demais obstáculos da navegación, obtendo a información que no seu caso resultase precisa das autoridades competentes. A presente cartilla náutica ten carácter exclusivamente turístico e non ten a condición de documento marítimo nin autoriza a navegación en ningunha da súas clases.